

Trágame Terra



Letras Galegas 2021 adicadas a Xela Arias

Xela Arias



Filla de Valentín e Amparo, naceu en Lugo, aínda que a inscribiron en Sarria como María de los Ángeles, que cambiou en 1984 por María dos Anxos, aínda que dende os seis anos a chamaron Xela

Criada en galego, estudou dos 4 aos 7 anos na Granxa de Barreiros, no famoso Colexio Fingoy de Lugo, onde fora director Ricardo Carvalho Calero, o autor a quen homenaxeamos o ano pasado



En 1969 a familia marchou a Vigo ao destinar ao pai ao Colexio de Moledo en Sárdoma.






En 1976 entrou no Instituto Castelao pero deixou os estudos en COU para comezar a traballar na editorial Xerais con Xulián Maure en 1979



Dende 1980 publica en A nosa Terra, Diario 16 de Galicia, Jornal de Notícias do Porto, Dorna, Katarsis, Festa da palabra silenciada...



Participou en recitais contra da OTAN, uniuse a Greenpeace, protestou en Burla Negra contra o Prestige e contra a Guerra de Iraq



Besta Poética

1ºB

Os alumnos/as de 1º B na Semana das Letras Galegas realizamos diferentes actividades na honra de Xela Arias. Esta escritora e poeta deunos pé a traballar outros poemas como os da escritora Leire Bilbao. Desta autora lemos varios poemas do seu libro "Bechopoemas e outras bestas". O que máis nos gustou foi "Besta Poética". Cada neno/a deu renda solta a súa imaxinación e crearon a súa propia "Besta". Entre todas as bestas creadas escollemos a que máis medo nos deu. Aquí a tedes!







TRABALLANDO AS EMOCIÓN




4º Educación Infantil
A-B









Carta á avoa

Nenas e nenos de 3ºA


QUERIDA AVOA

Ola avoa
Fada, de todos os
netos, avoa dos
meus soños:
Espero que
esteas ben!

Esta carta
envíochala con
moito cariño,
espero que che
guste.
Es a avoa máis
bonita e boa do



vendo ourizos de mar, peixes e moitas
burbullas, querida súper avoa!



mundo. Estou feliz contigo. Estou na
clase e espero que ti tamén sexas
feliz.

Imaxínote de noite avoa, agora estás
no mar co teu golfiño e paseas con el



Eu teño moitos amigos na escola e
tamén teño noiva. E ti? Seguro que
tes moitos e o pasas ben con todos
xogando ás cartas, parchís, damas...
Como che vai a vida? Espero que

esteas ben e que xogues moito ao parchís coas túas amigas. Iso si, gaña sempre!

Hoxe vin dende a fiestra da miña clase as flores que nacen pola primavera e lembreime de ti,



Vouche contar a miña aventura! voei ao espazo ata un planeta no que bailas, cantas e xogas. É moi



porque as flores gústanme moito. A fin de semana pasada encontrei un caracol e púxenlo nunha caixa con comida, unhas follas e agora téño de mascota.

Síntome moi orgulloso da persoa que son grazas a ti.



divertido!

Foi no planeta Marte onde coñecín aos meus mellores amigos





“Os Talíns” que son máxicos




cogumelos
que XVJK
P'.QWRU

viven na
parte sur do
planeta. Nas
montañas
encontrei
algo que me
sorprende,
era a tran-
quilidade!

Ata outro
día, encan-
touse falar
contigo.

Adeus avoa da miña alma. Que pases
un bo día! Porque eu tamén o pasarei
ben.



Pasei un bo tempo
escribíndoches. Algún día, irei onde
estás ti para verte.

Alejandro, Gustavo, Aitor,
Froilán, Alex, Candela, Irene, Helena,
Ángel, Samantha, Eva, David, Máximo,
Ainara, Sara e Leandro.



P.D.: Que teñas un bo
verán e que teñas boa saúde. Adeus
avoíña dos meus soños, que esteas
feliz sempre.
Xa teño ganas de comer a túa torta de
mazá.



Carta ao avó

Nenas e nenos de 3ºB

QUERIDO AVÓ

Querido súper avó descoñecido:

Eu te imaxino un pouco gordecho, amizoso, forte, guapo e traballador. Imaxino, tamén, que es alto, que tes o pelo branco nuns cachos e multicolor noutros. Cos brazos longos, cos ollos de cor azul. unha boa coas arrugas e dúas orellas enrugadas.

Imaxínote coma un pingüín, porque non andabas ben. Así te imaxino eu.

Hoxe estiven a xogar cos meus amigos a lembreime de ti, de cando xogabamos xuntos. Agora estou confinado. Estraño xogar contigo ao fútbol. Espero que sigas coidando moito de min. Cando vexo unha estrela penso que es ti.

Lembro o día que fomos verte á residencia de anciáns, estabas cuns señores que eran





moi simpáticos e aos que lles gustaba moito os nenos .

Creo que estar aí pechado é un pouco atafegante. Por iso quero contarche que fun a Paris, vin a Torre Eiffel e con oito anos xa montei en Barco.

Cada día vou ao cole, estudo e xogo á videoconsola. Tamén quero contarche que o outro día estiven a escoitar música e niso vin un can pola rúa. Saín e empecei a xogar con el, leveino para a miña casa e a miña cadela e el, fixéronse moi amigos.




Espero que esteas ben e que saibas que isto o escribo dende a Lúa.

Ámote e quérote moito . Os teus cen gatos de cores están a esperarte.

Un bico e forza. Protéxete do virus e adeus. Quérote moito.





José Manuel

Zeltia

Fran, Coral, Leo, Sergio,
Zeltia, Rubén Mallo, Estefanía, Lara,
Rubén Paradelo, Dennisa, José
Manuel, Tiara, Izan, Saray, Nerea



Dennisa



Izan

APAIXÓNAME... (4 ANOS B)






XOGAR CO MEU GATO
(NICOLÁS)



XOGAR AO FÚTBOL
(NEREA)



O MEU CADELIÑO
(ANTHONY)



OS PEIXES (ADANYELIS)



AS AGACHADAS (AMAL)



PESCAR (BORTA)



IR AO PARQUE
(ANTIA)





O MEU CAR SUPERSÓNICO
(HUGO)



VER UNHA PELI
(TANIA)

4 anos A

Assi somos e assi nos vemos ...









SOMOS UNS...



SERES FANTÁSTICOS












Os Relatos de 2ºA

Aos nenos e ás nenas da clase de 2ºA encántanos a lectura. Por esta razón, con motivo do Día do Libro, participamos con moitas ganas no I Concurso de Relatos Curtos que organizou o EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega) do colexio.

Na clase traballamos as partes dun relato e, a continuación, cada un no seu caderno puxo a súa imaxinación a traballar para elaborar o borrador do seu relato. Máis tarde, con esmero escribímolo e ilustrámolo nun folio para presentar ao Concurso.

Finalmente, o relato A tartaruga que non sabía nadar, dun dos nosos compañeiros, foi o gañador da categoría de segundo curso. Puxémonos moi contentos!



O CAN SÓ

Érase unha vez un can chamado Tobi que vivía nun bosque moi afastado e unha nena chamada Leticia que vivía con seus pais.

Un día Tobi deuse conta de que non podía estar tanto tempo no bosque e púsose a andar dous ou tres días.

Así final, chegou a un pobo no que había moitas casas, andou polo pobo e viu a casa de Leticia e púsose a mirar a casa un pouco.

Despois deuse a volta e viu a Leticia e ao seu pai camiñando, Leticia mirouno e non sabía que era porque non levaba gafas e acercouse para velo. Leticia e Tobi foron felices e comerón perdices.

F



O lobo mola

Había unha vez un lobo moi mola que comía as persoas maiores e os nenos.

Un día o lobo atopou a un neno e levouse a súa casa xunto ao río. Aí de novo foi comelo por toda a casa e os arredores e non o atopo. O lobo atopou a nai no bosque e comouna.

ACENICIENTA

Érase unha vez a madrasta de Cenicienta, as hermanas, un príncipe e unha fada.

A madrasta non lle podía deitar orzo a Cenicienta. Un día madrasta a unha festa para as hermanas. De repente, apareceu unha fada e cando foi a festa encontrábase co príncipe e comouno.



A princesa Blancanieves

A princesa Blancanieves tiña unha filla, un can e estaba casada co príncipe.

O matrimonio estaba esperando outra filla e a futura irmá estaba moi emocionada. Cando a filla naceu foron moi felices todos.

A partir daquel momento foron unha familia marabillosa.



A bruxa

A bruxa Condolencia vivía nun bosque cun monstro.

Aos dous gustáballos cazar arañas. Aquel día cazaron moitas e as comeron todas.

Así, despois dos dous días saíron todas as arañas e comeron moitas delas.




O coello valente

Un coello vivía con seus 11 irmáns.

O coello pequeno era o máis valente de todos. Un día saíron a coller frutos do bosque e de repente, un oso apareceu onde eles estaban. Comezou a correr detrás dun espazo ao seu irmán pequeno, librouse do feroz oso.

Foron todos para casa e o pequeno recibiu unha recompensa pola súa valentía.



A PRÍNCESA LI

A princesa pequena quería casar. O noivo era mozo e casáronse.

Un día tiveron unha filla e chamárona Lía.

A princesa foi a un sitio que era bonito e quería ir elos soa, gustoulle moito.

A filla quería ir e a mamá non deixaba a chorar.

Así final levouna e casouse porque o can era longo.

Tamito aprende a andar.
Esta é a historia da nena chamada Tamito.
Un día o irmán de Tamito e Tamito estaban no bosque.
O irmán díxelle que se que se facían os maiores tamito.
Por exemplo: deves o tamito, o coello, a araña...
A partir dese día Tamito deixou de andar e non se movía e foi moito.







A ovella e a raposa.
Había unha vez unha ovella que se perdeu no bosque e atopouse cunha raposa. A raposa comezou a tromer de medo porque pensou que a quería comer. Sen embargo preguntoulle: Que che pasa, perdíste o control? A raposa respondeu a ovella a citaron a súa casa. A ovella e a raposa derde entón foron amigas. A ovella vai sempre que pode visitar a raposa.
Fin

Ricardo o detective e o seu can.
Había unha vez un neno que se chamaba Ricardo.
Un día Ricardo estaba na casa e encontrábase co can. Ricardo non se movía e o seu can Tamito quería axudar e foi o seu compañeiro.
Ricardo o detective investigou moitos e encontraron moitos culpables, o seu can Tamito e todos eles.
Agora Ricardo é un detective moi famoso e todo o mundo quere contactalo.

AS PALABRAS MÁIS FERMOAS DO GALEGO

Nenas e nenos de 1º B





CRÍTICA CINEMATOGRÁFICA

4ºA

Durante este curso nos días de chuvia que non podíamos estar no patio aproveitamos o tempo da merenda vendo historias que nos ofrece a pantalla. Así descubrimos unha nova afección: o cine. A todos nos gusta desfrutar dunha boa peli, pasar un rato agradable, viaxar coa imaxinación, coñecer novos lugares e xentes, descubrir sentimentos e emocións novas e mesmo aprender de xeito sinxelo e divertido.

Quen sabe si entre nós está unha futura actriz ou actor; ou un director ou directora, guionista, especialista...? O que si sabemos é que para facer cine, hai que empezar **vendo cine!** Velai un exemplo:

 CALIFICACIÓN: ★★★★★	FICHA Título: Cadena de favores Directora: Mimi Leder Valores: Solidariedade. Amizade. Xenerosidade. Compartir. Axudar. Amabilidade. Perseveranza. Esfuerzo.	 CALIFICACIÓN: ★★★	FICHA Título: La casa de los cubos Director: Kenya Hirata Valores: Amor. Os recordos son moi importantes. Apreciar o que temos. Memoria.
Sinopse: O profesor pon aos alumnos/as unha tarefa: Busca algo que cambie o mundo. Trevor inventa a “cadea de favores”: El empezará axudando a tres persoas, cada unha desas tres a outras tres...máis a realidade non é fácil. Pero xa o di o refrán, <i>un gran non fai celeiro pero axuda ao compañeiro.</i>		Sinopse: O avó vive nunha casa construída preto no mar. Cando a marea sube el vai poñendo cubos para quedar a flote, pero un día caeulle a pipa e decide baixar a buscala. Mentres baixa está lembrando os momentos que pasou coa súa familia e recordando escenas da súa vida.	
 CALIFICACIÓN: ★★★★★	FICHA Título: Wonder Director: Stephen Chbosky Valores: Amizade. Superación. Empatía.		
Sinopse: A Auggie gústalle Star Wars, xogar ao Minecraft e as Ciencias, quere ser un neno “normal”. Para Auggie empezar no colexio non foi fácil. Levaba posto un casco de astronauta. Non quería ensinar a súa cara porque pasara por dez cirurxías e pensaba que era feo. Ao principio os compañeiros e compañeiras burlábanse del. Pouco a pouco foi facendo amigos que descubriron que o aspecto físico non é o máis importante, e que facer cousas xuntos é mellor e máis divertido.			

PIZARRA, VIÑO E O NOSO CAMIÑO



Somos os alumnos da clase de 5ªA e dende o mes de Outubro do Curso 20/21 comezamos un novo proxecto guiados polo noso titor e pola profesora de PT. Aproveitando que é ano Xacobeo decidimos embarcarnos nunha intrepidante aventura para descubrir os misterios do Camiño de Santiago, afondando no Camiño de Inverno que transcorre pola localidade que residimos.

Que percepción tes do camiño de Santiago? Demostrao con debuxos!



Pois ben como o seu nome indica tivemos que demostrar todo o que sabíamos sobre o Camiño de Santiago pero facendo debuxos, foi unha sesión moi divertida amosando os nosos coñecementos artísticos.

A verdade que saíron verdadeiras obras de arte como as que podes ver a continuación.

"BIBLIOCAMIÑO"



Despois de toda esta reflexión decidimos que tiñamos que buscar información en libros, folletos, enciclopedias e así poder crear a nosa propia




DESPOIS DE TANTO INVESTIGAR QUEDOU ASI O NOSO RESULTADO.



Entre tanto investigar resulta que os peregrinos tamen tiñan tempo para divertirse, entre pescuda e pescuda apareceu o Xogo da Oca.



Non hai rima ridícula...



SO CANTAOCARACOL
FNST BEMOL



2º B

A XIRAFIA A ROSA
SON MUI FERMOSAS



A XIRAFIA SABELA


CANDO FUN PASEAR
ATOPEI UNOSO
EXEMPLAR

ESTE LINDO
MANDARIN É
MOI
PIL LÍN






2º B

MEXOU NUNHA PALMEIRA



TEÑO UN CARACOL
QUE LLENCANTA PASEAR
AO SOL



2º B

OLDO E A RA



MARCHARON POLA MANA




SON UN
ROBOI E
VENODE
PLUTÓN

...se está na cuadrícula


O MOUSTRO FEDERICO
PASEA NO COCHECINO




A BOLBORETA VERNEL
A LENDIVA ORELLO



A AA DEI NINHA
CORREU SANDIA



ESTA CASIÑA
ESTA FEITA DE
MASIÑA




O MELLOR DESTA BOLPIÑO
É O SEU CUIÑO

A TARTARUGA NO
SEU CAPARAZÓN PASA
O TEMPO VENDO A
TELEVISIÓN




A MAQUINA DO TREN
VIAXOUA BELEN



NAGRANXA
DO MEU
AVO ESTE COELLO É O
MELLOR



CARACOL COLCOL,
SACA OS CORNOS AO SOL



2

DAS DORES DA COELLO O
GOFINS BEGATO É O VERMELLO

A ESCURA REVOLUCIÓN DOS OBOECTOS

Nunha noite, durante a pandemia de 3.020, na aula de 6ºB do Barco de Valdeorras había un manequín sen cabeza e unha cadeira coxa que facía calva á xente con pelo e lle poñía pelo á xente calva. Ademais, tamén había un xel hidroalcólico, que se creara en Chernóbil. Todas as persoas tiñan un deste na súa casa por culpa da pandemia. Tamén había unha botella dun tal Xosefino que era inacabable, xa que nunca se remataba a auga do seu interior. Era coma o peto de Doraemon! Ese mesmo día o xel maxicamente cobra vida e decide botarlle por riba o seu interior ao manequín:

-Hahahaha! A este paso invadir o mundo será moi fácil – dixo o xel.

Entón o manequín cobra vida e entre os dous empezan a botarlle xel a todos os obxectos.

- O mundo vai ser noso! - din os dous con risa malvada e moi contentos.

Isto non só pasou con este xel e o manequín sen cabeza, se non que empezou a ocorrer en todos os fogares do mundo por culpa dos xeles hidroalcólicos da pandemia. Desta forma comeza a guerra: obxectos contra humanos, na que os obxectos pretenden conquistar o mundo e as persoas buscan como evitalo, polo que algúns dos humanos din ao darse de conta da situación e moi asustados:

- Non! Imos morrer todos! Temos que encontrar a maneira de solucionar este gran problema. Seguro que foi culpa do Goberno.

A única forma de rematar a guerra é coa súa auga máxica:


- Voume converter nun heroe! O único malo é que preciso axuda. - di este.

O manequín empeza a sentir pena polos humanos, polo que se pon da súa parte e decide infiltrarse en territorio inimigo para axudalos. O manequín sube coa botella de Xosefino a un dos miles e miles de avións de guerra e empezan a botar a auga do interior da botella:

- Axudareivos a salvar o mundo e rematar con esta guerra! - di o manequín mentres bota a auga ao ceo.

A auga empeza a caer por todas as vivendas e como é máxica atravesa todos os teitos e paredes chegando a todos os obxectos.

Nunca saberemos que lle aconteceu ao manequín e á botella de Xosefino. Tampouco saberemos se chegaron a gañar a guerra. Iso deixámolo para a vosa imaxinación.



Tempos de pandemia nas aulas escolares.

Descubrimos como traballar no colexio Condesa de Fenosa en 1ºA ,coa covid-19

- Temos uns novos complementos e material escolar, as máscaras e o xel hidroalcohólico.

- Un grupo de primeiro A, atopouse coa entrada deste ano un pouco cambiante, este ano non hai apertas, nin bicos pero si teñen miradas de alegrías por poder volver ás clases e ver a todos os seus compañeiros e amigos.

- Despois de case medio ano sen verse de maneira presencial comezan coa nova rutina escolar.

- Os pupitres de traballo son individuais, teñen distancias de traballo e antes de entrar

a aula escolar , a súa profesora mídelle a temperatura para comprobar que non teñen o virus , xa que é un signo probable deste virus.

- A continuación vótaselles o xel hidroalcohólico

- para prevención deste.

- Estableceronse unas normas para non esquecer traballar con



aprender a aprender).

- Este ano aprenderon sobre todo o tesouro mais preciado, compartir momentos máxicos en todas as estacións do ano e valorar a vida

- Exemplos dalgunhas normas : Mural “DAME CINCO SENTIDIÑOS”

- Así esta a aula e eles disfrutando das estacións :

- Outono, o pracer das castañas; e o seu magosto típico ,eso si ,este ano sen pintarse a cara de zinza , soamente as mans.

Inverno, o pracer de mandar as cartas aos Reis Magos:




En Verán enviarán as cartas feitas os maiores da zona.

Deixámovos aquí un album de fotos dos traballos de alumnos do curso 1ºA:



responsabilidades e escribiron unhas cartas aos maiores da zona , aprenderon a leer e a escribir de maneira máis autónoma coa metodoloxía activa da súa profesora (e unha metodoloxia que mestura a pantalla dixital, o encerado e sobre todo a participación de todo o alumnado,para un alumnado moi autónomo e con iniciativa en






A que sabe a lúá?



Aula Azul (Christian, Sheila e Irina)



Aula Azul (Christian, Sheila e Irina)

Brasas | Letras



Eu teño un corazón,
cheo de amor.
Que dá apertas e bicos,
que 'molan' un montón.
Antía Paradelo



Choiva, choiva...
Cae,
que é o teu tempo,
non no verán.
Ana Vidal



Chegou a
primavera
co sol e as flores
medrando
pouco a pouco.
Rubí



Un barco navega
no mar sen rumbo



Chega o verán
cun sol infernal
co que nos imos
queimar.
Alejandro



A lúa e o sol
que bonitos son,
a estrela fugaz
brilla sen parar.
Yisela



Onde irá parar?
Porque o meu paxariño
quere saír voar.
Rocío



A Madre Natureza é
xenial e se con nós
a queremos deixar,
moito a hai que
coidar e os tres
erres respectar:
REDUCIR,
REUTILIZAR e
RECICLAR.
Sami



Yasmine

O Día das Letras Galegas,
tamén o aniversario do meu pai,
ímolo pasar ben, celebrándoo e
falando galego.



A COVID-19 non para,
coas persoas arrasa.
A máscara hai que poñer
para protexer.

Aitana



O sol e a lúa
reflicítense no mar,
na auga cristalina
e cantan poesías
da Virxe María.
Eiza



As follas do outono
caen ao chan
e fai moito frío,
menos no verán.
Elia



Un can quería ter,
para xogar con el
ata o amencer.
Ramón

Tes que aprender a lección



poñendo moita atención.
Persevera, persevera...
Félix

